



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE XUÑO DE 2020, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D <sup>a</sup> . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D <sup>a</sup> . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e cinco de xuño de dous mil vinte, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Dona María Susana García Lema intervén de xeito telemático.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (27/05/2020 e 15/06/2020).**

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 27/05/2020 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 15/06/2020 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Acordo, se procede, sobre procedemento de licitación e pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán a adxudicación do contrato de prestación do servizo da Escola Infantil Municipal de Vedra (Expediente núm. 2020/C004/000001)**

Vista a necesidade de contratar a prestación do servizo da Escola Infantil Municipal, dado que a empresa que vén prestando actualmente o servizo remata o contrato.



Visto o expediente de contratación incoado (Núm. 2020/C004/000001) para a adxudicación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, con varios criterios de adxudicación, da prestación do servizo da Escola Infantil Municipal de Vedra, por un período de dous anos, máis unha prórroga dun ano, polo valor estimado de cincocentos sesenta mil cincocentos vinte (560.520,00 €) euros, estando exento de IVE de conformidade co disposto no artigo 20.Uno.9º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre do valor engadido.

Visto o disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local, e na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro.

Proponse:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (criterios non avaliábeis de forma automática e criterios avaliábeis mediante fórmulas), tramitación ordinaria, do contrato de *Prestación do servizo da Escola Infantil Municipal de Vedra*, coas seguintes características:

Prazo de duración: dous (2) anos + un (1) de prórroga.

Orzamento base de licitación anual : 186.840,00 euros (IVE exento).

**SEGUNDO.-** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a súa contratación.

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto derivado do expediente con cargo á partida orzamentaria 231/22799.

**CUARTO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación de acordo co establecido no artigo 156 e seguintes da LCSP 2017, tramitación electrónica, procedendo a anunciar a licitación no Perfil do Contratante (<https://contrataciondeestado.es>).

**QUINTO.-** Designar como membros da Mesa de Contratación os que forman parte da Mesa de Contratación Permanente do concello de Vedra ([www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com))

**SEXTO.-** Que se proceda á publicación do presente acordo no Perfil do Contratante.

**SÉTIMO.-** Delegar na Xunta de Goberno Local a adxudicación do contrato, as competencias en materia de interpretación, modificacións, resolución do contrato, e demais actos de tramitación do procedemento.

A Presidencia afirma que é unha nova licitación na que cambia a un sistema anterior de cobro dos recibos aos pais, que recupera o concello.

No tema dos gastos os referidos a reparación e conservación correspóndelle ao concello que tamén asumirá a auga e a electricidade debido á concesión dunha subvención por parte do IDAE dun proxecto grande cara a gardería para facela o máis enerxeticamente sostible posible. O proxecto afecta ao cumio, fachadas, interior, etcétera co que o consumo enerxético vai diminuír.



O gran problema que tiñan era que nos últimos anos houbo un incremento nos custes da prestación do servizo, ata o punto que a actual empresa prestadora do servizo estábao facendo sen marxe empresarial. A partires de aí, no tema do persoal volve haber un importante custe salarial a partir deste curso debido ao aumento nas táboas salariais na aplicación do actual convenio estatal de centros de educación infantil aprobado en xullo do 2019. Na gardería de Vedra incrementábase o custe salarial un 12 % o primeiro ano e 2 ou 3 puntos máis no seguinte.

O custe no curso escolar 2020/2021 para o persoal actual é de 154.456,85 € e no curso 2021/2022 de 159.814 €. Este custe xa se fai calculando o peche do mes de agosto, senón incrementaríase en 13.000 € o primeiro ano e case 14.000 € o segundo ano. Isto provoca que se incrementara de xeito importante os custes na prestación da gardería.

Os gastos de servizos e mantemento (telefonía, combustible, internet, tributos, material de limpeza, toda a alimentación, seguros, etcétera), son máis de 11.000 €; e prevese un custe de 13.000 € para que haxa unha marxe no tema da alimentación. Por último quedan os gastos xerais máis o beneficio industrial que normalmente é un 13% máis un 6%, pero aquí só establecemos unha porcentaxe única dun 8%. O custe anual é de 186.840 €.

Os ingresos que viña habendo en anos anteriores eran uns 40.000 € en asistencia, 12.000 € en comedor, e 28.000 € a subvención do plan concertado. En total uns 80.000 €. Con estas cifras, en anos pasados había un déficit de 85/90.000 € e se se conta o mes de agosto, ascendería por riba dos 100.000 €. É probable que a recadación non chegue aos 80.000 € e coa crise que se aveciña vai supor que máis xente teña a taxa da gardería bonificada e polo tanto baixe a recadación.

Se aumentase o déficit en 30/40.000 € máis dos 80.000 € que xa tiñamos, iso afectaría ou á suba de tarifas ou a outros servizos.

As opcións que quedaban eran pechar o mes de agosto ou acortar o horario anual. Debido ao horario da gardería, de 08:00 a 20:00 horas, precísase unha persoa máis do habitual.

No mes de agosto usábase 20 familias máis ou menos, e xa en 15 días dese mes non había usuarios. A outra posibilidade era pechar ás 18:00 horas, pero nese caso víanse afectadas unhas 15 familias. Se se recorta o horario ao longo do ano, afectaría ao persoal ou ás familias todo o ano e cre que se debe facer un esforzo por manter o horario actual.

Ao final, as familias só poden manter os nenos/as un máximo de 11 meses na gardería e como nese mes de agosto xa había 15 días que non había usuarios, cre que é o máis acertado pechar ese mes. Cre que con iso garanten a prestación do servizo, non incrementarían demasiado o déficit do mesmo e manteñen as taxas e bonificacións establecidas pola Xunta de Galicia. Só hai unha diferenza que ten unha repercusión mínima, que son as xornadas partidas. Son un problema para as garderías porque ocupan a praza todo o día. Un pai ou nai que accede a unha praza na gardería pode levar o seu fillo/a 1, 2, 3, 5 ou 7 horas e ocupa esa praza.



Os técnicos de servizos sociais estaban en contra de que se lle cobrara só a metade aos da xornada partida, non de que se lle aumentara un 20 %, porque de feito entendían que se lle tiña que cobrar o día completo.

Houbo pais que comentaron esa circunstancia e había que darlle unha fórmula legal dentro do regulamento. A fórmula foi que asumiron que non paguen o día completo, senón a metade do día. Dalgún xeito había que intentar repartir ou determinar que iso no fondo produce un certo quebranto na xestión deste servizo.

Se por xornada partida pagaban 50 € ao mes, incrementando un 20%, sempre van saír beneficiados respecto dos 100 € da xornada enteira. Ademais, para o ano que vén, o 70% dos matriculados son a xornada completa. O 30% restante son de xornada partida e a metade teñen as tarifas bonificadas. Aínda hai outra circunstancia, que é que cerca do 45% dos matriculados ata este momento, non van pagar nada porque son segundos ou terceiros fillos.

Por estes motivos, foi polo que se tomou a decisión máis razoable que lles pareceu, que é pechar en agosto e manter as traballadoras e o horario durante todo o ano. Das 140/150 garderías da Xunta de Galicia, Galiña Azul, non chegan a 20 as que teñen este horario. Cre que é importante facer ese esforzo de manter ese horario.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que as garderías da Xunta de Galicia, Galiña Azul, teñen 2 educadores/as por aula; e o concello de Boqueixón pecha en agosto pero ten persoal propio, polo que cre que non se pode facer a comparación.

As garderías da Xunta de Galicia pechan en agosto, pero deixan unha de garda por zona e non deixan aos pais sen cobertura, como sucede en Vedra.

Por outro lado, analizadas as cláusulas técnicas e administrativas observan algunhas incidencias como a do artigo 4 do prego de condicións técnicas no punto 5, onde di que a empresa ten o deber de que o persoal encargado de executar o contrato se atope en posesión necesaria que deberá acreditarse por medio da titulación correspondente. Visto que o grupo de goberno non quere facilitar a titulación dos traballadores da Escola Infantil, pon en coñecemento do Pleno e dos veciños, que hai persoal da Escola Infantil sen a titulación necesaria establecida para o posto no decreto 329/2005 polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. Solicita ao concello como responsable último do servizo que estableza as medidas oportunas para o cese da persoa implicada.

No artigo 6, dereitos e deberes do adxudicatario, o punto n remata o parágrafo do seguinte xeito: “desta forma queda obrigado ao persoal necesario e coa cualificación axeitada de acordo co establecido na normativa vixente”.

No punto 8, establécese a contratación dun educador infantil con funcións de dirección. A este efecto o 22º convenio colectivo de centros de asistencia á Educación Infantil establece as distintas funcións laborais da dirección e dos educadores.

Marca no artigo 12 as funcións dun educador infantil, que é a persoa que desempeña a súa función elaborando e executando os programas de aula e exercendo as actividades



educativas na súa aula, desenvolvendo as programacións curriculares incluíndo as actividades relacionadas coa saúde, hixiene e alimentación no centro.

No artigo 13 establece as de dirección, que é o encargado de dirixir e organizar as actividades e o persoal da empresa.

A tal efecto solicita que a dirección do centro sexa dada de alta na categoría laboral correspondente e todas as melloras que a tal efecto lle correspondan.

No artigo 10 das infraccións, no apartado k di: "non cumprir a lexislación laboral vixente". O xa citado contrato irregular, por non dicir ilegal, da dirección á empresa adxudicataria, vén de cometer outras irregularidades laborais en contra das traballadoras. Segundo o RDL 2/2015 do Estatuto dos traballadores, no artigo 4 dos dereitos laborais, no apartado b, establece a promoción e formación laboral no traballo.

Segundo consta na táboa Anexo III do prego de prescricións técnicas, establece que o educador con funcións de dirección, que está mal contratado, foi contratado no presente ano con data de antigüidade do 03/02/2020, polo que nese aspecto non se respecta por parte da empresa adxudicataria e se consiste por parte do concello, ao ver que non hai procedemento sancionador, por falta moi grave o dereito á promoción das traballadoras da Escola Infantil, dado que 2 das 4 traballadoras restantes posúen a titulación necesaria para promocionar ao posto de dirección, e que tería un efecto en cadea de promocionar a educadora unha das auxiliares.

Por todo isto, insta ao concello como titular do servizo, á apertura de expediente sancionador por falta moi grave ou que aplique unha sanción de 9.001 € a 30.000 € segundo as cláusulas administrativas particulares polas que neste momento se rexe a concesión administrativa vixente da Escola Infantil de Vedra.

O persoal contratado sen a titulación requirida segundo o Decreto 329/2005; a contratación irregular da dirección do centro, e non respectar o dereito á promoción interna das traballadoras polo que derivado do expediente sancionador, insta ao concello a que a empresa actual sexa rexeitada a súa participación no contrato de concesión de servizos da Escola Infantil Municipal de Vedra nº 2020/0004/00001.

Por outro lado, tamén rexeita o peche en agosto e solicita a diminución do horario nos meses de verán e non o peche dun mes completo, o que obriga ás familias a coller as vacacións anuais nun momento determinado.

O grupo do PSdeG-PSOE non pode nin debe apoiar este tipo de prego de condicións, dado que serían cómplices e consentidores do incumprimento de varias leis. Parécelle mentira e incomprendible que a todo isto xa exposto por ela mesma na comisión pertinente o pasado luns, a resposta da Presidencia fose: "vaia vostede asesorar laboralmente ás traballadoras da gardería".

Di que tanto Susana como concelleira como o Alcalde como rexedor municipal, son os responsables últimos. Parécelle increíble que dous avogados e o secretario municipal autoricen e consintan tantas irregularidades.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.



O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo vai votar en contra.

Trala exposición da Presidencia, entende que a gardería non abre no mes de agosto por non entrar nun déficit de 13.000 €, que é o que custou a estatua de Cándido Pazos. Solicita que llo explique ás familias que se beneficiaban da apertura da gardería en agosto.

A Presidencia contéstalle ao voceiro do BNG que o grupo de goberno pode estar acertado ou non en certas inversións, pero iso non ten que ver cun déficit continuo, unha inversión ou un gasto puntual. Non comparte esas opinións. O grupo de goberno ten que velar polo conxunto da prestación de todos os servizos, intentar que o déficit non sexa moi grande. Cre que o esforzo que fai o concello nese aspecto é importante, porque o déficit é por riba dos 100.000 €. Non é o mesmo undéficit de 100.000 € que de 120.000 €, e ten que intentar, con cuestións que poden ser comprensibles e non afectan practicamente á prestación do servizo, reduci-lo. O grupo de goberno podería tomar decisións que fosen máis rendibles economicamente, como a redución do horario e non o vai facer.

En relación ao manifestado polo PSdeG-PSOE, di que agora están debatendo uns pregos para rexeer unha contratación a partir de que se adxudique, non para aplicar retroactivamente.

Cre que está acusando á actual empresa prestadora do servizo, e agora están valorando uns pregos para licitar un novo servizo, que están de acordo coa lei e valorados polos técnicos municipais. Está convencido que tanto a actual adxudicataria como a futura actúan conforme á lei. No momento que se adxudique, e non se cumpran os pregos actuarán en consecuencia.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG, para dicir que usar a palabra déficit desa maneira debería estar prohibido na xestión política. É dicir, existe déficit na liquidación do orzamento municipal, pero reciben cartos do Estado, da Autonomía, da Deputación, etcétera, cartos que redistribúen entre a poboación como cada un ben entende. O PP entende que é xusto darlle 12.000 € a Cándido Pazos, e o BNG-AA entende que é xusto abrir a gardería no mes de agosto.

A Presidencia replica que cre que todos entenderon o que quere dicir con esa palabra, que ao mellor non é a máis correcta. Todos saben cal é o custe dun servizo, os ingresos que ten e os fondos propios que cada un ten que achegar. Iso pasa con todos os servizos que presta o concello e os cartos que recibe o concello non son ilimitados. Están intentando soste-ir isto con todos os servizos que se prestan da mellor maneira posible e iso implica ter que tomar decisións.

Posta a votación a citada proposta, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG.

**3º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE relativa á bonificación do 95% do IBI ás explotacións agrícolas, gandeiras e forestais.**



Dáse conta da citada moción na que o Grupo Municipal dos Socialistas de Vedra expón que no ano 2016 presentaron unha moción para establecer este tipo de bonificación que non se informou favorablemente na Comisión Informativa posto que os grupos presentes na mesma condicionárona a que se establecese só en solo agrícola e non en calquera tipo de solo como se pedía, co resultado de que só unha explotación saíu beneficiada.

O artigo 74 da Lei Reguladora das Facendas Locais permite establecer bonificacións de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por darse circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou de fomento de ocupación.

Así mesmo, a normativa permítelle ao Concello decidir o coeficiente a aplicar sobre do valor catastral entre 0,3% e o 0,9%.

Dada a importancia que o sector agrario representa no Concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva e polo tanto de especial interese municipal, e tamén as dificultades que están arrastrando os/as traballadores/as do campo.

Propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para as construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en calquera tipo de solo.

**SEGUNDO.-** No suposto de que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que como xa se falou na comisión informativa, e tal e como estaba a situación en maio do 2016 e agora mesmo, o sector gandeiro e agrario segue en crise. Naquel ano do catastrazo o desembolso de comezar a pagar polas explotacións agrícolas como construcións, supúxolles a moitas familias un gasto importante.

Dadas as características do concello, moitas explotacións están pegadas ás casas e están en solo de núcleo. Esta moción presentouse o 11 de marzo, antes da COVID, e non se incluíu na orde do día do pleno que se ía celebrar e que finalmente foi suspendido.

Parécelle oportuno levar adiante esta medida nun concello rural como Vedra, cando hai concellos ao noso arredor que si a están a aplicar. Medida que no seu momento todas as forzas políticas representadas no Parlamento de Galicia instaron aos concellos a aplicar ese tipo de bonificación.



Espera que agora accedan a apoiala e enviúselles unha proposta de redacción da ordenanza.

Solicita o apoio á moción.

A Presidencia contesta que lle resulta curioso que veñan de debater un punto na orde do día do pleno no que a oposición quere aumentar o gasto e agora neste punto quere diminuír os ingresos do concello.

Está convencido de que en Vedra hai máis de unha explotación que ten as edificacións en solo rústico.

Entende que non mudaron as razóns dende o 2016 ata hoxe. Cre que unha modificación deste tipo estaría beneficiando a importantes patrimonios que existen en Vedra e que seguen sendo rendibles en momentos de crise e cre que non é o máis xusto socialmente. A razón fundamental é que esa construción nun solo urbano ou similar ao urbano como núcleo rural, ten un valor en si mesmo e hai moitas camufladas.

Entende a exención en rústico, porque o destino desas edificacións é para os labores agrícolas e en si mesma non ten un valor como si o ten en urbano.

Cre que na base da xustiza social cada un debe pagar polo que ten e o valor do que ten, e así todos deben soste, sobre todo os propietarios, para a prestación dos servizos públicos.

O grupo de goberno vai votar en contra de estender esa bonificación ao solo urbano e núcleo rural.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo vai votar a favor nesta ocasión e que non ten ningún gandeiro coñecido que o estea pasando ben neste momento.

Intervén dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, para dicir que non coñece a tantos gandeiros que teñan tanto patrimonio, e dende logo se fose así, non entende porque protestan, porque se queixan do prezo do leite, etcétera. Recorda que hai concellos ao arredor que si aplican esta bonificación.

Se o grupo de goberno non quere aplicar a bonificación, polo menos agora será pública a postura de cada un.

A Presidencia recórdalle á oposición que a moción pon “IBI a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais”, non só gandeiras, e aí entran moitas situacións.

Posta a votación a citada proposta rexéitase con oito votos en contra do PP e cinco votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG.

**4º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG para a implantación dun centro de día e mini residencia xeriátrica.**





Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG para a implantación dun centro de día e mini residencia xeriátrica e adóptanse os seguintes acordos:

1º.- A corto prazo aportar unha solución inmediata á situación de emerxencia familiar de enfermos con grado de dependencia avanzados, facendo convenio de maneira provisional o servizo de asistencia cun centro de día, así como o transporte especializado necesario, fóra do concello de Vedra, sempre en todo caso que as traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios así o determinen a través da elaboración do Plan Individual de Atención (PAI) como o recurso máis idóneo, para o cal terase en conta as expectativas do dependente ou familia, así como circunstancias de saúde e necesidades de atención así como a situación socio-familiar e as condicións da vivenda. O obxectivo será sempre preservar e garantir a atención idónea do dependente coa premisa de manter o coidado na contorna habitual e retardar ou evitar na medida do posible a institucionalización.

No caso que se valore como recurso idóneo a asistencia a centro de día, e en relación á posibilidade de establecer convenio con prazas en centro de día de forma provisional, na carteira de servizos do sistema de dependencia (SAAD) contéplase a concesión de libranzas (prestacións económicas) de xeito que as mesmas veñan cubrindo os gastos derivados da atención asistencial, terapéutica e desprazamentos aos centros elixidos libremente polos usuarios e as súas familias.

En relación á colaboración no transporte, poderase facilitar os desprazamentos ao centro elixido, sempre e cando se rexistre demanda suficiente que permita a viabilidade do mesmo. Neste senso realizarase polos servizos sociais de ambos concellos un regulamento que garanta o acceso e uso do mesmo a través dun copago, atendendo a criterios de xustiza social e coa finalidade de evitar a discriminación por razóns económicas, en base a un baremo socio-económico aplicado con criterios técnicos.

Contarase coa coparticipación económica dos dous concellos.

2.- Iniciar o proceso, incluído o estudo de viabilidade económico, social e xurídico necesario, para dotar aos concellos de Vedra e Boqueixón dun centro de día compartido. Este proxecto deberá completarse ao longo dos próximos 3 anos podendo pactarse nos respectivos plenos municipais ampliarse este prazo 1 ano máis se as circunstancias así o requiren.

3.- Iniciar o estudo e planificación da construción dunha mini residencia tamén compartida entre ambos concellos, realizando unha aposta política conxunta de todos os partidos presentes na actual lexislatura en ambos concellos, comprometéndose á construción da citada infraestrutura antes da finalización da seguinte lexislatura, no ano 2027, independentemente de quen sexa o partido que ostente o goberno municipal.

4.- No presente ano 2020 crearase un comité de traballo intermunicipal entre Vedra e Boqueixón formado polos respectivos alcaldes dos concellos ou persoas en quen deleguen, así como polos técnicos de servizos sociais e urbanismo de ambos concellos. Este comité será o encargado de iniciar e impulsar estes acordos, así como de facer as correspondentes propostas aos órganos de xestión e goberno de ambos concellos, os



cales deberán informar cada 4 meses aos grupos da oposición das xestións e traballos realizados ata o momento.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que a moción presentouse antes da pandemia, e se cadra grazas a ela deulles tempo a todos a pensala de novo. Xa Odón Cobas iniciara o proceso hai 10 anos e foi un tema que levou o PP no seu programa electoral nunha ocasión e o BNG en todas as campañas.

Cre que todos son conscientes de que o centro de día é imprescindible e dá igual canto se tarde en aprobar. Reuníronse todas as partes e todos cederon no que lle correspondía e ao seu partido gustaríalle que a xestión fose municipal aínda que entende que non é a forma de xestión que quere o PP.

Recorda que houbo cesións por todas as partes implicadas e agora chegaron a un acordo xusto e se hoxe se aproba a moción cando se leve algún avó ao centro de día ou eles mesmos, recordarán ese día.

Solicita o voto a favor.

A Presidencia subscribe as palabras do voceiro do BNG e cre que unha vez máis mostrouse neste concello, con independencia das ideas partidarias, que en temas relacionados con traballar polo futuro de Vedra, chégase a acordos. Tanto polo fondo como polas formas, cre que é para felicitar a todas as partes e agradece a iniciativa do BNG.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, agradécelle a iniciativa ao BNG, porque se ben xa o goberno de Odón Cobas propuxera este tema no seu momento e o PSdeG-PSOE o levou en cada campaña electoral, o ano pasado case se perde a finca prevista para ese fin. Di que é un acordo moi xenérico e aínda quedan temas pendentes como o aspecto económico, a situación, etcétera.

Posta a votación a citada moción, apróbase por unanimidade dos asistentes.

#### **5º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre das consecuencias da pandemia do COVID-19 nas residencias de maiores de Galicia.**

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal de PSdeG-PSOE na que expón que é unha evidencia incuestionable que a pandemia da COVID-19 supuxo a desfeita do sistema de asistencia social ás persoas maiores, situando no caso de Galicia o epicentro da pandemia nos centros residencias, que debían contar cos recursos axeitados e as medidas precisas para salvagardar a vida e as necesidades dos seus residentes, nunha sociedade solidaria e inclusiva como pretende ser a nosa.

Os centros residenciais partían dunha situación de vulnerabilidade máxima, e a pandemia profundou aínda máis nestas deficiencias, ao que hai que engadir o escurantismo do goberno galego respecto da situación deses centros, levando a moitas residencias de maiores a esta situación de enorme gravidade sanitaria.



A crise sanitaria do coronavirus abre un debate sobre do modelo das residencias de maiores, posto que o actual resultou un absoluto fracaso, estando en tea de xuízo non o labor dos profesionais senón a xestión dos centros, sendo moi clarificadora a diferenza na xestión desta crise nas residencias de maiores públicas e as privadas. Chegou o tempo dun novo concepto de atención residencial, no que se fomente un clima familiar e de arraigo e apego aos/ás usuarios/as, e temos a responsabilidade de demandar unha investigación que clarexe o sucedido no que atinxe á xestión destes centros en Galicia, dado que as familias merecen unha explicación transparente.

Polo que propoñen ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- O Pleno do Concello de Vedra insta ao Parlamento de Galicia a constituír na vindeira lexislatura, unha comisión de investigación sobre das causas e consecuencias padecidas pola pandemia da COVID-19 nas residencias de maiores.

Segundo.- Demandar do novo goberno que xurda das vindeiras eleccións autonómicas un cambio de modelo asistencias e de prestación de servizos nas residencias de maiores do noso país.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que respecto dos datos que se dan na moción que os dá o consello de contas de Galicia, non son datos falsos.

Cando se deixa a xestión destas residencias en mans de fondos voitre, estes van sacar o rendemento contratando menos persoal do necesario, limpeza, etcétera.

O que solicitan é unha investigación que ten que abrir o Parlamento de Galicia. Gustaríalle que se mellorase a xestión dese tipo de residencias e cre que é o momento de facer esa revisión e apostar por uns servizos de calidade se se externaliza o servizo terán que cumprir as normas que dita a mesma administración.

Intervén dona Susana García, para dicir que s argumentos da moción non se axustan á realidade.

É patente, e as cifras demóstrano, que Galicia actuou con anticipación e contundencia. A estratexia utilizada pola Xunta de Galicia foi replicada despois polas demais Comunidades Autónomas, de feito:

- 1- Antes da declaración do Estado de Alarma, o 13 de marzo, Galicia xa contaba cun protocolo de actuación para os centros de servizos sociais, unha semana antes de que o Goberno Central publicase os seus criterios.
- 2- En Galicia, a autoridade sanitaria asumiu a tutela de todas as residencias (públicas e privadas).
- 3- Habilitou as primeiras residencias integradas para a atención das persoas maiores usuarias de residencias que deron positivo e precisaban máis asistencia sanitaria. En concreto en Porta do Camiño (Santiago) e Os Miragres (Baños de Molgas), antes que outras comunidades.
- 4- O 30 de marzo, Galicia interviña as residencias privadas cun elevado número de contaxios (DomusVi Barreiro en Vigo y DomusVi Cangas: que lles constará



forman parte da maior rede de residencias de España), e o Presidente da Xunta apelou á responsabilidade dos xerentes das residencias.

- 5- En Galicia xa desde o principio, conseguíuse e adquiriuse material de protección para as residencias, porque o Goberno central comprometérase pero non chegaba o material prometido; dispensáronse:

59.000 máscaras

1.000 solucións hidroalcolícas

28.000 luvas

- 6- Galicia realizou as probas do covid-19 ao 100% dos usuarios das residencias.

Lémbbralles que Galicia tivo que enfrontarse á pandemia nas residencias sen contar co apoio de Goberno Central.

O 22 de marzo, o vicepresidente, Pablo Iglesias, informou ás comunidades que cando unha residencia tivese problemas, o goberno central acudiría ao rescate co exército; pero as únicas ordes que lle deron aos militares foi a de que desinfectasen os centros. Ata tivo que ser a Xunta quen subministrase material aos centros de discapacidade que o executivo central ten en Galicia: O de Bergondo e o de Ferrol.

E no reparto de epis, no inicio o ministro de sanidade asumiu o subministro centralizado do material e posteriormente o presidente do goberno asegurou o contrario.

O certo é que Galicia actuou con total transparencia non actuou con escurantismo, achegando os datos sobre as residencias ao goberno central, mentres que o goberno central non actuou coa mesma transparencia, o cal é de dominio público.

Todo isto levou a que Galicia fose unha das comunidades con menor incidencia, tendo en conta que en Galicia hai 22.400 usuarios de residencias e 291 residencias (223 de maiores e 68 de discapacitados).

De 19.565 falecementos en residencias en toda España, faleceron 274 en Galicia.

E aínda que son datos que non os alivian, posto que moitas familias perderon a un ser querido, si nos axudan a poñer en contexto a situación:

Galicia é a cuarta comunidades con menos falecementos polo virus nas residencias respecto ao número de prazas.

É mais, o 80% dos falecementos por coronavirus dos usuarios das residencias concéntranse en 12 centros, é dicir, no 2,5% de todos os centros residenciais que hai na comunidade.

Na práctica totalidade dos centros residenciais de Galicia dispénsase un coidado excelente; hai grandes profesionais nas residencias públicas da Xunta, nas municipais, nas de iniciativa social e tamén nas privadas, que non merecen ver posto en dúbida o seu traballo por uns dogmas ideolóxicos.



O seu grupo vaise abster porque en relación ao acordo 1º da moción, á parte de que a Xunta actúa con total contundencia cando se detectan irregularidades, debe ser o Parlamento de Galicia quen debe exercer con total autonomía as súas competencias.

E, en relación ao acordo 2º, a pandemia impactou en todos os ámbitos da sociedade e non se pode empregar como escusa para emprender unha causa xeral contra o modelo asistencial de Galicia. Están abertos a reflexionar sobre como seguir mellorando a atención aos maiores e ás persoas con dependencia, pero como xa dixo, non pode ser unha escusa para que o PSdeG-PSOE intente impoñer uns dogmas ideolóxicos.

Respecto ás inspeccións nas residencias o Goberno Galego, antes desta pandemia, xa tiña aprobado en xaneiro un PLAN DE INSPECCIÓN PARA 2020, co obxectivo neste 2020 de realizar máis de 1.500 inspeccións a centros de servizos sociais, un 20% máis do previsto en 2019.

E, no eido dos maiores e persoas con discapacidade, o obxectivo é superar nun 40% as previsións para o ano pasado e facer 550 inspeccións.

Nestas inspeccións si se detecta algunha deficiencia solicítaselles que as arranxen e valórase a apertura dun expediente sancionador.

No que vai de lexislatura e ata o inicio desta crise, abríronse 33 expedientes sancionadores a residencias de maiores e pecháronse 2 centros.

E, durante a pandemia, a inspección de servizos sociais acudiu a 37 centros e incoou 4 expedientes sancionadores.

Por iso, a Xunta vai tramitar unha orde que vai reforzar o labor inspector, facilitando que as persoas usuarias e as súas familias poidan presentar directamente á Xunta as súas queixas e denuncias.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que non lle vai discutir as cifras que dá. Cre que se o grupo de goberno se abstén xa é un paso adiante. Outro tema é o que fagan no Parlamento de Galicia dependendo do goberno que saia elixido.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo votará a favor. En Galicia non houbo máis mortes porque a xente vive separada unha da outra, non se realizaron moitas viaxes, etcétera, senón co nivel de persoas anciás que hai podería chegar a ser unha carnizaría. O PP pediu facer unha auditoría do sistema de residencias noutras autonomías, e a galega non é unha excepción. Os sistemas sanitarios, excepto o vasco, son moi parecidos e cre que é un exercicio de responsabilidade facer unha auditoría sobre o que sucedeu.

Posta a votación a citada moción, apróbase con cinco votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG e oito abstencións do PP.

**6º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE solicitando a mediación do Concello de Vedra coa Consellería de Educación para a**



## **implantación das medidas para previr o coronavirus nos centros escolares municipais no curso 2020/2021.**

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, na que se expón que por mor da COVID-19 o vindeiro curso académico os centros escolares deberán ter protocolos de actuación para evitar o contaxio incontrolado, posto que é probable que no inverno poidamos ter o virus de novo no noso país.

O Ministerio de Educación estableceu nestes días uns protocolos de actuación nos centros educativos, rexeitando a Consellería de Educación a posibilidade de ter un cociente de entre 15-20 alumnos/as nas aulas galegas, aludindo á ruptura de grupo e á falta orzamentaria, posto que non só sería ampliar profesorado senón tamén espazos.

Dado que neste concello, tanto o CRA, como o CIP e o CEIP de Ortigueira si dispoñen de espazos para a redución de cocientes marcados, proponse ao pleno do Concello:

Solicitar a mediación do concello de Vedra coa Consellería de Educación para que cos centros educativos pertencentes ao noso termo municipal poidan baixar os cocientes, para o que sería necesario dotar aos centros educativos de máis persoal docente.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que cre que nos últimos días cambiaron os cocientes no ministerio. De aquí a que comece o curso, as situación e as circunstancias poden cambiar, e seguen solicitando a mediación do concello para que se desdobre en aulas ata 25 alumnos e non ata 27 como se fai na actualidade.

Intervén o Sr. Costa Carneiro, do PP, di que na moción fala de protocolos de actuación para os centros educativos e a día de hoxe nin os centros saben cales son. Onte no BOE saíu publicada unha orde que recolle os acordos da conferencia sectorial onde están representadas as comunidades e o ministerio. Sinala que non só a conselleira de educación rexeitou eses cocientes de alumnos, senón que o facían conselleiros de educación do PSOE como o de Aragón e de Castela a Mancha.

Cre que hai dous elementos fundamentais. O primeiro é o dos espazos. Se se fan desdobres hai que meter os alumnos nalgún lado, e falouse de usar espazos como ximnacios e outros locais e ten dúbidas de que cumpran as condicións da normativa de seguridade e hixiene. Por outro lado, sinala que poucas cousas cambiaron tanto nos últimos tempos como as propostas de actuación para a seguridade nos centros educativos.

A Ministra de educación é a máxima autoridade do Estado en materia educativa, e no caso de ter que facer desdobres, por ser imprescindibles para a seguridade do alumnado, sería conveniente que publicase no BOE e que se dotara ás comunidades autónomas dos fondos suficientes para levalo a cabo.

No tema da seguridade, apunta que hai varias asociacións de pediatría que se pronunciaron respecto do número de alumnos dos grupos dicindo que o problema non estaba tanto na cantidade, senón na definición do grupo e que eses grupos non entrasen en contacto con outros.



Pregúntalle a dona Raquel Sangiao se sabe cales son as previsións de alumnado por grupo para o próximo curso do CRA Vedra-Boqueixón, CEIP Ortigueira e CPI de Vedra. As aulas do CRA están moi lonxe dese cociente. O CEIP Ortigueira tería un grupo que superaría o cociente en un alumno e no CPI de Vedra habería 2 grupos de 6º e un de infantil que superarían ese cociente.

Dito isto, a actitude do grupo de goberno vai ser a de continuar apoiando como fixo sempre aos centros educativos do concello e cre que baixar os cocientes é necesario e conveniente para a mellora da calidade do ensino. O grupo de goberno sempre apoiou as iniciativas propostas para tratar de conseguir máis profesorado e seguira facendo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo vai apoiar a moción.

Posta a votación a citada moción, apróbase por unanimidade dos asistentes.

### **7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores**

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto da viaxe a Arxentina, di que é unha opinión.

2º.- Sobre as relacións de facturas das Xuntas de Goberno Local, dille que xa o explicou. Facelo do outro xeito era moi laborioso porque había que teclear todo o texto nunha folla de excell. Os técnicos decidiron facelo deste novo xeito e mesmo vai máis información que non impide o control e transparencia e non se vai cambiar o formato. Intervén dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, para dicir que se non se imprimen é moi difícil ter a información.

A Presidencia responde que non vai poñer un funcionario a facer iso cando hai relacións contables que conteñen toda a información e que non impide nin a transparencia nin o control sobre as mesmas.

3º.- Respecto da reapertura das pistas polideportivas, di que toman nota.

4º.- Sobre a enquisa ás traballadoras da gardería di que vai esperar á nova licitación para facela.

5º.- Respecto ao servizo de limpeza di que cando avancen no tema terán toda a información ao respecto.

6º.- Sobre o acontecido en Vilanova a raíz dunhas fortes choivas di que hai unhas semanas houbo unhas tormentas moi fortes que provocaron incidencias nas vías públicas e en parcelas e vivendas particulares. Foron unhas tormentas desproporcionadas e a causa principal foi a transformación do monte en viñado e aínda non está consolidada esa zona. Mentres isto non pase, unhas choivas dese tipo fan dano. Foron danos provocados por moito arrastre de terra e pedra e antes esas augas perdíanse polo monte.



Tiveron unha xuntanza cos afectados en Outeiro para tomar nota das reclamacións e inxerencias. Tamén se reuniron coa empresa vitivinícola, que días despois tivo unha inspección de Augas de Galicia, para que adoptaran todas as medidas de forma inmediata e as accións necesarias que lle corresponden para que non volva suceder. Xa implementaron algunhas das medidas e aínda faltan algunhas por parte da empresa e tamén outras por parte do concello.

7º.- Respecto ao gasto en electricidade da depuradora de San Xián no ano 2019, di que foi de 7656,89 € dende maio/2019 a maio/2020.

8º.- Sobre a moción do IBI, di que xa está debatida.

9º.- Respecto da compra en Droguería El Sol, di que xa está contestada e en todo caso remítese ao dito en plenos anteriores.

-- Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o servizo de limpeza, di que é unha opinión.

2º.- Respecto ao rogo de habilitar as zonas de Cubelas, Agronovo e Ponte de Sarandón como praias municipais fluviais, di que a piscina abrirá o día 1 de xullo.

-- Ás preguntas de Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a escola en liña para as familias, xa está contestada.

2º.- Respecto á apertura e actualización da Aula Cemit ou telecentro para poder realizar distintos cursos para desempregados e para persoas que queiran obter outros recoñecementos profesionais, di que lle parece unha idea interesante que estudarán.

3º.- Sobre o espello de Fraiz, di que tomaron nota.

## **8º.- Rogos e preguntas.**

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Recentemente viron na prensa que o concello asinaba coas universidades galegas a cesión da Aula Cemit para a realización de exames. Pregunta cantos anos leva sen actividade a aula, despois de ter sido aula de referencia en Galicia e ter unha unha subvención de 15.000 € debido á actividade que desenvolvía. O grupo de goberno abandonouna e perdeuse a subvención.

Na noticia poñía que ía haber un responsable de aula se se facían alí os exames. Pregunta quen é a persoa responsable e aproveitando o tema da COVID e as dificultades dalgúns rapaces para acceder ás novas tecnoloxías, tamén pregunta se ten pensado o grupo de goberno revitalizar a aula e recuperar a condición de aula de referencia.

2º.- Propón cinco pistas para arranxar, de San Fins a San Xián, en Ramil, a que vai cara Fontao e Marzán dende a pista de rodadura e en Trasariz, ao mesmo tempo que solicita o listado das que ten pensado acondicionar o grupo de goberno.





-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita a desagregación das indemnizacións dos membros do pleno da corporación dos dous primeiros trimestres de 2020.

2º.- Solicita que se fagan públicas as altas e as baixas do padrón municipal de habitantes.

3º.- Pregunta cal foi o custe dos arranxos da piscina municipal e en que consistiron.

4º.- Pregunta por que o Sr. González Couto está a facer roces co tractor municipal.

5º.- Solicita un informe sobre o gasto que tería a xestión directa da Escola Infantil Municipal.

6º.- O grupo de goberno acaba de votar en contra da bonificación do IBI e resulta que publicaron no boletín municipal “Vedra sostible. Agricultura sostible, fin da fame. Obter seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sostible”. Parécelle unha broma e unha tomadura de pelo.

7º.- Pregunta quen vai ser o próximo conserxe do CEIP Ortigueira.

8º.- Gustaríalle que no próximo boletín saíse un recordatorio á veciñanza da prohibición de uso por parte de particulares de fogos de artificio.

9º.- Dille a dona Susana García, que só lle faltou dicir que quería propoñer a xestión do goberno galego ao premio Príncipe de Asturias.

-- O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta se teñen pensado facer algo na parcela do Cotiño onde se cortaron os piñeiros.

2º.- En Nande, o ano pasado cando rozaron as cunetas romperon dúas tapas de sumidoiros. Solicita que se arranxen e pregunta se é posible colocar un colector de vidro en Nande á beira da gardería ou na estrada que vai cara San Xián.

-- O Sr. Pose Rodríguez do BNG solicita a planimetría de todas as novas explotacións de viño que se están a facer no concello.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Xa que van ter en conta a realización de cursos na Aula Cemit, roga que sexa canto antes e que teña continuidade.

2º.- O 28 de xuño é o día internacional do orgullo LGTB. Tiña pensado presentar antes da pandemia unha moción relativa a isto. Solicita que se faga algo dende o concello nas redes sociais para dar visibilidade a un colectivo que é invisible no concello de Vedra.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



A Presidencia resposta que toman nota e traballarán de cara ao ano que vén.

-- Dona Susana García, do PP, rógalle ao grupo socialista de Vedra que se absteñan de usar imaxes da súa persoa nas redes sociais sen o seu consentimento.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que toman nota do seu rogo e pregunta se o está facendo extensible tamén ás redes sociais do concello de Vedra.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas.